


Foro Cidadán

27 e 28
Abril
Palexco

Programa:
coruna.gal/tecendo-litoral



TECENDO LITORAL

Investigación e diálogo
sobre o futuro da Coruña
e os seus peiraos.



QUE É TECENDO LITORAL?

TECENDO LITORAL, Investigación e diálogo sobre o futuro da Coruña e os seus peiraos é un proceso impulsado polo Concello da Coruña a través da Concellería de Participación e Innovación Democrática e a Concellaría de Rexeneración Urbana e Dereito á Vivenda co que indagar que usos teñen sentido para os terreos do Porto que se liberarán nos próximos anos, nas áreas de Batería e Calvo Sotelo, por unha parte, e San Diego pola outra.

Os obxectivos do proceso son os seguintes:

- analizar e comprender a realidade do bordo litoral da Coruña -tanto na súa transformación histórica coma na actualidade-,
- achegar propostas de usos produtivos e sostibles para os terreos portuarios que quedarán baleiros -en relación directa coa cidade -,
- buscar sinerxias entre os axentes implicados -tanto do ámbito público como privado-,
- implicar á cidadanía da Coruña nun momento clave para o futuro da cidade -a través da activación social e a participación-.

Para iso, artículase en dúas fases: a investigación (novembro – abril 2018) e o Foro cidadán (27 e 28 de abril 2018). Tras compartir e debater as primeiras conclusións, en maio preséntase un informe final con toda a información xerada nestes dous momentos e unha folla de ruta con recomendacións para seguir a negociación e articulación da fachada marítima coruñesa.

[A web](#)

www.coruna.gal/tecendo-litoral

[O vídeo de presentación](#)

www.youtube.com/watch?v=6bQZsdXdUpg

[O vídeo sobre o proceso](#)

www.facebook.com/ConcelloCoruna/videos/vb.902924026432262/1765112986880024/?type=2&theater

A investigación

En novembro do 2017 comezou a fase de investigación de Tecendo Litoral. Esta fase segue tres liñas de estudo e investigación:

- análise dos usos actuais, na que se presta especial énfase á súa relevancia económica e ao seu impacto social, estudando e avaliando a permanencia, ampliación e promoción no futuro dentro dun contexto local, metropolitano, autonómico, estatal e internacional,
- análise de novos usos produtivos que sexan potenciais para o bordo litoral da Coruña a partir de oportunidades que existan a nivel local, metropolitano, autonómico, estatal ou internacional e con impacto social positivo para a veciñanza da Coruña.
- análise de cidades de referencia relevantes de ámbito estatal e internacional por constituír un precedente na súa transformación portuaria e unha oportunidade para os futuros usos da beira litoral da Coruña.

Ademais da consulta de documentación, a investigación apóiase no desenvolvemento de entrevistas cualitativas, grupos de discusión e mesas de traballo.

O Foro Cidadán Tecendo Litoral

O Foro Tecendo Litoral é un momento de encontro e conversa da cidade, onde coñecer mellor o noso litoral e as oportunidades que presentan para A Coruña os terreos do porto interior. Celebrarase o venres 27 e sábado 28 de abril en Palexco.

Os seus obxectivos son:

- compartir o proceso da investigación e as principais conclusións, dun xeito claro e transparente para toda a cidadanía,
- afondar no coñecemento da realidade do bordo litoral, facendo fincapé naqueles temas que poden ser de especial relevancia para a transformación dos terreos portuarios,
- amosar como outras cidades emprenderon os seus procesos de transformación portuaria e ver referentes inspiradores para o futuro da Coruña. Para isto, participarán ademais axentes de cidades portuarias de Barcelona, Bilbao, Saint Nazaire e Valencia, contando a súa experiencia,
- debater sobre as cuestións clave deste proceso, e enriquecer a proposta coa mirada cidadá

O programa completo estará dispoñible o día 16 de abril na web www.coruna.gal/tecendo-litoral/gl/o-foro.

Como podo participar?

Nesta fase, a participación céntrase en compartir coa cidadanía a información obtida dun xeito claro e transparente, que permita entender o momento complexo e ilusionante no que A Coruña se atopa agora mesmo, favorecendo a implicación e a posibilidade de seguir de perto as fases que están por vir. Para isto, nas semanas previas ao Foro editarase unha guía na que se explique o contexto no que xurde este proceso e datos relevantes da investigación, que será tamén publicada tamén na web <http://www.coruna.gal/tecendo-litoral/gl/a-investigacion>.

No Foro, ademais das conferencias, haberá na mañá do venres 27 e na tarde do sábado 28 de abril dúas dinámicas de participación aberta, onde poder incorporar a mirada cidadá para xerar colectivamente ese primeiro documento de pasos a seguir.

Onde e cando podo inscribirme?

Podes inscribirte desde o día 10 de abril no formulario que se habilitará na páxina <http://www.coruna.gal/tecendo-litoral/gl>. A asistencia é de balde e aberta a todas as persoas. O espazo contará con opción de servizo de conciliación (previa inscrición) e interpretación en lingua de signos.

Máis información en...

Na páxina web: <http://www.coruna.gal/tecendo-litoral/gl/>

*A web conta ademais cun apartado de documentación de referencia onde podes atopar os documentos máis importantes do proceso do porto: <http://www.coruna.gal/tecendo-litoral/gl/documentacion-de-referencia?argIdioma=gl>

Nas redes sociais do Concello:

<https://www.facebook.com/ConcelloCoruna/>

<https://twitter.com/concellocoruna>